

# **AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO NA EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Despois da publicación de:

- Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na educación primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato e a formación profesional (BOE 17/11/2021).
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11/02/2022).

Compre facer as seguintes adaptacións en canto á promoción do alumnado.

- Cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
- A promoción nos cursos 1º, 3º e 5º será automática.
- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.
- Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
- Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. En todo caso corresponderalle ao equipo docente do 1º ano sinalar a relación de necesidades educativas que motivaron a repetición e as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

- Acadará a promoción ao ciclo ou etapa seguinte o alumnado que teña avaliación positiva en todas as materias.
- Acadará a promoción ao ciclo ou etapa seguinte o alumnado que a xuízo do equipo docente desenvolvese as capacidades necesarias para seguir con aproveitamento os estudos do curso seguinte independentemente do número de materias que teña avaliadas negativamente.
- Para a promoción do alumnado con varias materias avaliadas negativamente, entre outros aspectos, terase en conta:
  - O grado de adquisición de competencias básicas independentemente de que non acadara superar os criterios de avaliación.
  - As circunstancias que motivaron que a alumna ou alumno non acadara os mínimos esixidos.
  - O grao de madurez.
- A conveniencia ou non da separación da alumna ou alumno do seu grupo de referencia.